


# Aula Aberta A



BOLETÍN IN/FORMATIVO PARA NAIS E PAIS DO IES «O RIBEIRO»

## UN NADAL SOLIDARIO

Dende o IES O Ribeiro desexamos un BO NADAL a toda a comunidade educativa, coa tarxeta realizada por Martín Rodríguez Espiñeira, alumno de bacharelato deste centro, que gañou o concurso de tarxetas o Nadal do pasado ano, baixo o lema "Dereitos humanos das xeracións futuras", e que complementaba, como todos os anos, unha serie de actividades arredor dos dereitos humanos.



Ademais do dereito a un medio ambiente sen contaminación, as xeracións futuras teñen outros dereitos que están recollidos na Declaración Universal do Dereitos Humanos das Xeracións Futuras **firmada na reunión de expertos UNESCO**- Equipo Cousteau, na cidade de La Laguna o 26 de febreiro de 1994 e que a continuación resumimos:

**"Considerando a resolución dos pobos, solemnemente expresada na Carta das Nacións Unidas,** de « preservar as xeracións futuras da azouta da guerra», de « proporcionar novamente a súa fe nos dereitos fundamentais do home e na dignidade e o valor da persoa humana» e de « favorecer o progreso social e establecer mellores condicións de vida nunha maior liberdade».

Recoñecendo que, nesta etapa da historia, o dereito da Humanidade á súa propia perpetuación, así como ao enriquecemento e diversificación da súa contorna espiritual e física, atópase seriamente ameazado como consecuencia das actividades das xeracións precedentes. Conscientes do perigo de que o crecente malgasto dos recursos naturais non renovables, efectuado en particular polos países ricos e desenvolvidos, poida provocar o esgotamento dunha herdanza constituída por recursos que pertencen lexítimamente ás xeracións futuras. Considerando que as decisións tomadas hoxe deben ter en conta as necesidades e intereses das xeracións futuras. Facendo seu o obxectivo de establecer vínculos novos, equitativos e globais, de compañeirismo entre as xeracións. Considerando que a vida humana digna de ser vivida sobre o planeta Terra só será posible de forma duradeira se desde agora se lle recoñecen ás persoas pertencentes ás xeracións futuras certos dereitos que lles corresponden na cadea da vida. Considerando que a identificación destes dereitos en beneficio das persoas pertencentes ás xeracións futuras comporta outros tantos deberes a cargo das xeracións presentes. Recoñecendo que soamente a toma de conciencia por todos os pobos e todas as nacións dos seus deberes respecto das persoas pertencentes ás xeracións futuras permitirá conservar sobre a Terra unha vida humana en dignidade e liberdade. Considerando que a salvagarda dos dereitos humanos das xeracións futuras debe ser desde agora tomada ao seu cargo pola comunidade internacional e, sobre todo, polas organizacións internacionais, en particular pola Organización das Nacións Unidas e as súas institucións especializadas propoñen solemnemente a presente Declaración Universal dos Dereitos Humanos das Xeracións Futuras para a súa adopción e posta en práctica por todos os pobos e todas as nacións:

1. **As persoas pertencentes ás xeracións futuras** teñen dereito a unha Terra indemne e non contaminada, **comprendido o dereito a un ceo puro; teñen dereito a gozar desta Terra** que é o soporte da historia da humanidade, da cultura e dos lazos sociais, o que asegura a cada xeración e a cada individuo a súa pertenza á gran familia humana.

2. **Cada xeración, que recibe como herdanza momentánea a Terra, ten soamente o mandato** de administrala, co compromiso ante as xeracións futuras de impedir todo atentado irreversible á vida sobre a Terra e de respectar a liberdade de opción, que debe permanecer total, en canto ao seu sistema económico, social e político.

3. Dereito á vida e ao mantemento e perpetuación da Humanidade, **nas diversas expresións** da súa identidade. Por conseguinte, está prohibido causar dano de calquera xeito que sexa á forma humana de vida, en particular con actos que comprometan de modo irreversible e definitivo a preservación da herdanza xenética da Humanidade, ou tendan a destruír, en todo ou en parte, un grupo nacional, étnico, racial ou relixioso.

4. **As persoas pertencentes ás xeracións futuras teñen** dereito a coñecer as súas orixes, a súa identidade e a súa historia, **tanto persoais como colectivos, conforme á lei e na medida** que sexa compatible co dereito á intimidade e de recibir información sobre os diferentes sistemas de valores para permitir a libre formación das súas vontades.

5. **As persoas pertencentes ás xeracións futuras** non poden xuridicamente, salvo se diso extrouxesen un proveito persoal, ser feitas individualmente responsables das accións ou omisións **contrarias ao dereito de xentes ou ás leis da humanidade que fosen** cometidas no pasado, **especialmente por individuos ou grupos cos que teñan lazos de parentesco ou calquera** outro vínculo étnico ou nacional.

6. **As persoas pertencentes ás xeracións futuras, soas ou en colectividade, son susceptibles de ter e exercer o dereito de propiedade. Este dereito non ha de ser baleirado da súa substancia** por leis que teñan como consecuencia facer soportar ás xeracións futuras, de forma inxusta e non equitativa, a carga das medidas xulgadas necesarias en interese do momento.

7. **As persoas pertencentes ás xeracións futuras teñen** dereito a gozar dos bens culturais, que están formados polas achegas de todas as culturas do mundo. Os seus elementos constitutivos deben ser preservados no seu marco e transmitidos ás xeracións futuras como patrimonio común da humanidade.

8. **O dereito ao desenvolvemento é un dereito inalienable do home, en virtude do cal as persoas pertencentes ás xeracións futuras teñen dereito a beneficiarse das mellores condicións económicas, sociais e culturais que propicien o seu desenvolvemento individual e colectivo, espiritual e material. A adquisición, difusión e utilización dos coñecementos científicos, técnicos e médicos, entre outros, debe sempre ter lugar en beneficio das xeracións futuras.**

9. **As persoas pertencentes ás xeracións futuras teñen** dereito a un Medio Ambiente san e ecoloxicamente equilibrado, **propicio para o seu desenvolvemento económico, social e cultural.** Por conseguinte, os Estados, os individuos e todas as entidades públicas e privadas teñen o deber de non achegar modificacións desfavorables ás condicións de vida, especialmente ás condicións de vida climáticas e á biodiversidade, e, de modo xeral, de vivir constantemente e en todos os dominios, o progreso científico e técnico, para que as súas consecuencias non prexudiquen á vida sobre a terra, aos equilibrios naturais e ao benestar das xeracións futuras. Ademais, os Estados teñen a obriga de vivir a calidade e diversidade do Medio Ambiente e de determinar en particular as consecuencias dos grandes proxectos sobre as xeracións futuras.

10. **Ninguén pode reivindicar un dereito exclusivo sobre o patrimonio común da humanidade, tal como é recoñecido hoxe e no porvir.** Todas as xeracións teñen dereito ao uso do patrimonio común da humanidade, **a condición de que este dereito non esgote a súa substancia de forma irreversible ou non modifique a súa calidade.**

11. **As persoas pertencentes ás xeracións futuras teñen dereito a ser resgardadas da azouta da guerra. Deberán adoptarse sempre todas as medidas necesarias para ese efecto, en particular as destinadas a que as persoas pertencentes ás xeracións futuras non queden expostas ás consecuencias prexudiciais para a súa vida, saúde ou medio ambiente dos conflitos armados pasados, especialmente do uso de armas prohibidas e de destrución masiva, e de todas as accións preparatorias e conexas con tales conflitos.**

12. **As persoas pertencentes ás xeracións futuras teñen dereito a nacer libres e iguais en dignidade e en dereitos. En consecuencia, cada xeración debe comprometerse a non tomar ningunha medida que teña por efecto provocar no futuro calquera tipo de discriminación entre os seres humanos, así sexa fundada na etnia, raza, cor, sexo, lingua, relixión, opinión política ou doutra índole, orixe nacional ou social, pertenza a unha minoría nacional, posición económica, nacemento ou calquera outra situación.**

13. **Cada xeración debe velar en todo momento por que os dereitos das persoas pertencentes ás xeracións futuras estean plenamente salvagardados e non resulten sacrificados aos imperativos do interese continxente.** Ningún dereito enunciado na Declaración Universal de Dereitos Humanos, nos instrumentos rexionais de protección dos dereitos humanos, así como en calquera outro

instrumento xurídico presente ou por vir, e en particular nos Convenios dedicados á protección dos bens culturais e do Medio Ambiente, poderá ser interpretado ou aplicado no sentido de que confira dereito ningún a un Estado, a un grupo ou a unha persoa, para emprender actividades ou realizar actos tendentes á destrución dos dereitos humanos das xeracións futuras. En consecuencia, as persoas pertencentes ás xeracións futuras teñen un dereito inalienable **e opoñible a** toda fonte de poder a exercer todos os dereitos humanos tal como están garantidos pola comunidade internacional.

14. **Os Estados, as organizacións internacionais, gobernamentais os individuos e, dunha maneira xeral, todas as entidades públicas e privadas** deben asumir plenamente os seus deberes para coas xeracións futuras e deben velar sempre para que os dereitos humanos das xeracións futuras non se sacrifiquen aos imperativos da facilidade inmediata e do interese actual. Para ese efecto, os Estados, **tendo no seu espírito as esixencias da solidariedade internacional**, adoptarán as medidas apropiadas, **de orde legislativa ou calquera outra, e co recurso á cooperación internacional** especialmente nos planos xurídico e político, económico, cultural e técnico, e a investigación, para preservar e garantir os dereitos humanos das xeracións futuras.



**...NÓS, AS PERSOAS DO FUTURO** como todas as persoas que habitaron o mundo antes de nós, temos o dereito a un aire que cheire doce, unha auga que saiba pura e a unha terra fértil e verde. Temos o dereito a herdar un mundo libre de químicos, desperdicios nucleares e polución xenética. Temos o dereito de convivir coa natureza, parte da cal aínda se conserve virxe. Pedímoslles a vostedes, a xente do presente, que non nos impoñan un legado tóxico. Pedímoslles que non xoguen con tecnoloxías que arriscan efectos colaterais futuros. Pedímoslles que non difiran toda a débeda cara a adiante. Queremos reclamar a nosa parte da riqueza do planeta. Por favor non o usen todo. En consecuencia, prometemos outorgar estes mesmos dereitos e privilexios ás xeracións que nos seguen coa esperanza sacra de que este espírito humano viva para sempre.

## ACTIVIDADES DO PRIMEIRO TRIMESTRE

**Inauguraban as actividades o alumnado de 1º de bacharelato de lingua e literatura galega** que o 28 de setembro acudían ao Auditorio de Ourense a presenciar a representación d'`O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca, de Álvaro Cunqueiro. A posta en escena, totalmente fiel ao texto, foi levada a cabo polo grupo Sarabela. Moita tensión e traxedia nas terras de Dinamarca!!!



O 23 de novembro o departamento de inglés organizaba para o alumnado da ESO na aula de audiovisuais unha animación en inglés. Toda una performance que rescataba libros de seren queimados.

A vicedirección xunto cos Departamentos de Debuxo, Galego, Normalización Lingüística, Orientación e a Biblioteca, convocaban o concurso de carteis contra a violencia de xénero, **no que participaron os alumnos de 3º, 4º da ESO e 1º e 2º de de bacharelato** baixo a dirección do profesorado de Debuxo. Os carteis, de gran vistosidade, contido e creatividade, puidéronse ver expostos no vestíbulo do Instituto. O xurado tívoo difícil para escoller os gañadores que a continuación lles reproducimos.






Andrea Otero 3º ESO. Categoría A



Santiago Méndez. 4º ESO Categoría B



Rocío Meiriño 1º Bach. Categoría C



Tamara Martínez. 2º Bach. Categoría D

Como complemento, o día 25 de novembro realizouse una charla sobre prevención de violencia de xénero no salón de actos para o alumnado de 3º de ESO e PCPI , impartida pola responsable desta área do Goberno Civil de Ourense. Para o seu desenvolvemento contouse coa colaboración dos servizos sociais do Concello de Ribadavia. Á charla asitiu tamén alumnado do CEIP Tomás de Lemos e do IES Abrente.

O 1 de decembro e con motivo da celebración do Día mundial da SIDA ambientábase o centro con vistosos e variados carteis sobre a súa prevención, á vez que se repartían folletos informativos. O alumnado de cuarto visionaba e comentaba en titorías unha película desta temática: "Philadelphia".

Alumnado da ESO acompañado polo profesorado do departamento de educación física, participaba día 20 de decembro na fase previa de campo a través de Deporte Escolar Galego.



Nos últimos días do trimestre as actividades concentrábanse e así o día 20 de decembro o departamento de matemáticas proxectaba para o alumnado de 1º e 2º de ESO "La habitación de Fermat", película na que catro matemáticos son convocados a una reunión secreta e quedan pechados nunha habitación que se vai reducindo e para evitalo deben resolver problemas... así van descubriendo quen e por que pretende asasinalos. Pensen e resolvan vostedes tamén, velaí un deles:

*"Nunha habitación hai unha bombilla. Fóra da habitación hai tres interruptores, pero só un acende a bombilla. Estamos fóra da habitación e só se nos permite entrar nela unha vez. Como podemos saber cal é o interruptor que acende a bombilla?"*

O 21 tocáballe a quenda aos de 1º de bacharelato que no salón de actos visionaban "Ágora", película que ten como protagonista a Hipatia de Alejandría filósofa, astrónoma e matemática do século V, non é de estrañar que fosen os departamento de filosofía e matemáticas os que programaran esta actividade.

Orientación e titores organizaban o 22, para o alumnado da ESO, o visionado de "Himalaya e "Xeneracion roubada" sobre a vida de dous pobos indíxenas de Asia e Australia.

Non faltou como, cada ano, o concurso de tarxetas e a ambientación do vestíbulo cos traballos realizados polo alumnado guiados polo profesorado de debuxo e galego.



Rematamos co Festival de Nadal que este ano tiña como tema de fondo, ao igual **cas tarxetas "os dereitos dos pobos indíxenas"**. Baixo a batuta do profesorado de música e a dirección teatral do profesorado de galego, o alumnado deleitábanos cun magnífico PROGRAMA:

**O Grupo TEATRAVIA poñía en escena "A sexta de Warren Sánchez" e "Isto é Troia.**

**"Homenaxe aos pobos indíxenas", unha fusión entre a música indíxena e moderna** que ten precisamente na africana algunhas raíces, era interpretada polo alumnado de 3º de ESO.

**1º de bacharelato sorprendíanos cantando una canción medieval con imaxes de fondo de Ribadavia.**

O alumnado de 4º bailaba ao son da Década Prodixiosa e proxectaba o videoclip **"Pimpinela" de realización propia.**

Tamén en homenaxe aos os pobos indíxenas 1º de bacharelato cantaba e bailaba Oh África!.

Pechaba o alumnado de cuarto cun vídeo recordando ao pobo de Haití.

Todo un Nadal solidario. Toda unha educación en valores. PARABÉNS! E BOAS FESTAS!. Voltaremos en 2011.

## SECCIÓN DE NAIS E PAIS

A Asociación de pais e nais de alumn@s desexa a toda a Comunidade Educativa do IES O Ribeiro UN BO NADAL e un PRÓSPERO 2011.